

O traxecto transoceánico: primeiras luces 2015

Quizais este sexa o artigo tardío, despois do nacemento do volume *Columnas de papel 2* nos comezos do ano 2014; tamén é posíbel que sexa un libro solidario co arrecendo a auga intramariña, o traxecto transoceánico. Non sabemos cal é a historia total da travesía, as miles de andoriñas ou estrelas de mar que velaron a viaxe ata La Habana; mais velaquí, nesta data de xaneiro e nunha cidade que xa se gaba de ter recibido o ano novo. Nas miñas mans, a escrita de Xosé Vázquez Pintor é moito máis que unha lectura. Dende hai casi dez anos, cando tiveron por primeira vez a oportunidade de coñecer a súa poesía ata hoxe, longos e máxicos camiños foran o resultado da nosa amizade, sempre guiados pola memoria dunha cultura como é a galega. Lembro agora a miña primeira visita a Galicia no ano 2004, naquela noite húmida de Santiago de Compostela, a imaxe máis forte; e a do meu guía, un poeta que tamén falaba en versos na lingua da vida e da historia e que non podía esperar pola mañá seguinte para que eu ollara a maxestade da pedra.

Columnas de papel achéganos unha vez máis ó talento de Xosé Vázquez Pintor, un escritor de todos os tempos que xa desde os seus primeiros cadernos de poesía eu recoñecera que a súa era unha escrita profunda, a prol da cultura e lingua galegas. Nesta vontade de loitar contra o esquecemento radica a esencia da forza da súa escrita. Coma unha sorte de gardián da memoria e das esencias finísimas da cultura, transita a obra deste escritor melidao, aínda cando o tema pareza alonxado desta vontade. Penso que ese espírito convértese no pedestal no que se alzan estos escritos miúdos, esta “prosa de présa” como chamara o poeta nacional de Cuba Nicolás Guillén ós seus artigos de opinión, feitos baixo a luz do cotián e do compromiso dun escritor co seu tempo.

No limiar desta edición, Vázquez Pintor expresa que estamos ante unha “...parábola literaria e deportiva”, co cal introduce dalgún xeito as liñas temáticas do volume. De feito, é posíbel recoñecer tres grandes núcleos temáticos: o deporte, a cultura e tradición galegas e os temas da actualidade. No primeiro deles resalta a diversidade dos comentarios. Entre a revelación de novas figuras do panorama deportivo galego a nivel internacional (“Cristina”, “Paula”, “O fútbol do patacón”) e as múltiples reflexións cara á Liga de fútbol española, entre outros temas. Salienta no estilo xornalístico de Pintor un certo barroquismo na escrita que permite abondar noutras opinións de forma paralela e establecer unha sorte de parábola, ás veces

deportiva e política (“A luz cegadora”) ás veces deportiva e lingüística (“Agardamos aquí”). Certo dinamismo na escrita, certo dialoguismo implícito neste traspasar a unidade temática do texto en pos dunha intimidade co mundo da publicidade internacional e cos mecanismos dos medios de comunicación, converxen para outorgarlle ós comentarios deste volume unha grande efectividade cara o lector contemporáneo, aínda máis tendo en conta que moitos destes escritos xa traspasan as fronteiras dos dez anos.

Así mesmo acontece cos textos adicados a rescatar a memoria histórica e cultural de Galicia. Son os que máis disfruto, quizais polas múltiples veas que latexan no meu corpo e nutren sin cesar o meu amor a esa Terra. O certo é que eu podo sentir o arrecendo da paisaxe tras as páxinas de “Os irmaus Garceiras” e lembro como a gaita viaxou tamén á Habana e aínda temos uns poucos gaiteiros que intentan manter a tradición dos seus bisavós. Sobre o nacemento do proxecto cultural *A solaina do Piloño* en Vila de Cruces é o texto “A forxa literaria”, escrito no mes de xuño de 1993; once anos despois, aínda a Solaina ficaba en pé con moito labor cara á integración dos nenos ó rescate da cultura nas comunidades agrarias e mariñeiras...; e eu camiñaba con satisfacción entre eles, e cantaba as súas notas na lingua da tribo, as palabras máxicas que nomean as cousas: lontra, lúa, mencer. Case ó final do volumen, e publicado o 21 de febreiro de 2008, aparece o texto “Cuba si (e dous)”, que aviva en min un abanico de emocións indescribible. Foran as palabras do escritor na presentación do libro *Xosé Vázquez Pintor: la memoria que reconstruye un mundo*, resultado da miña tese de Licenciatura en Letras. Naquela edición a Feira Internacional do Libro d’A Habana estaba adicada á Cultura Galega. As palabras do poeta relatan os seus lazos con Cuba: históricos, familiares, culturais, esenciais, eternos. Entre os agasallos e as palabras de gratitude, Pintor entregou ós asistentes as follas secas cun anaco de poema, con esa maxia da súa persoa, coma un encantador das palabras que colmou o auditorio de múltiples emocións. Penso que a intensidade deste momento ficou na escrita do texto. E así, da man destes temas, *Columnas de papel* abranxe un ronsel de mundos interiores dos cales por razóns de espazo non podo falar agora: Castelao, Seoane, A Viaxe, O antroido, Os pendellos, tantos e tantos sitios e personaxes que sobreviven á intemperie dos tempos e do olvido da modernidade.

Un grupo de artigos de opinión acollen a misión máis complexa do xornalismo e ó mesmo tempo a máis enriquecedora, o diálogo coa actualidade, galega e mundial. Coma un cronista do seu tempo, Pintor exerce unha crítica aguda, enérxica, fundamentada nos máis profundos valores de respecto á identidade. O seu espírito parece ferido ante o esquecemento dos

políticos, as manipulacións dos medios de comunicación, a violencia das palabras e das mentes cementadas, mais sempre fica detrás unha estela de fe, que non se rexistra nun xesto baleiro senón na maxestade da escrita. Como prantexaba no limiar deste volume “O territorio é un símbolo”. Velaí a súa aposta pola vida: levar sempre a dimensión da fala, o simbolismo e a marabilla da súa Cultura.

Yanelis Velázco Fajardo

La Habana, xaneiro 2015